Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✻ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Ritos, obxectos, crenzas varias..

CATEGORÍAS RELACIONADAS

O xogo do dedaliño

Antigamente nos velorios facíanse xogos, mesmo macabros, como este.

Cada un mozos xogadores poñía unha prenda (podía ser calquera: un pantalón, un pano...) e íanse amontoando no colo dunha moza. No medio das prendas metíase un dedal e despois íanse pasando as prendas de man en man , mentres se cantaba:

—*El florón pasó por aquí, yo no lo vi; el florón está en mis manos, en mis manos está el florón. Si lo hallan a quien lo tenga toda la noche estará de plantón, florón, florón*.

Cando acababa a canción quen tivese na súa prenda o dedal recibía un castigo elixido pola moza encargada de poñelos.

Conta o informante que a el tocoulle sacarlle os zapatos ao morto e andar con eles postos ata que outro perdeu.

BIBLIOGRAFÍA

GONDAR PORTASANY, M. (1983): «Xogando coa morte: unha ollada antropolóxica aos xogos e falcatruadas de velatorio na Galicia tradicional», en Grila, nº 79, páx. 53-64.